



Estimadas familias:

Comezamos un curso diferente. A emerxencia sanitaria esixe importantes esforzos de adaptación. Tamén no instituto, con maior intensidade se é posible, debemos vivir o cumprimento das normas de hixiene individual, distanciamento corporal e a protección das persoas máis vulnerables. Voltamos á educación presencial garantindo entre todos/as a máxima seguridade. Velaquí unha primeira rolda de información:

### **Comezo da actividade lectiva**

A incorporación ás aulas será gradual. Estas son as datas e horario de comezo das clases por niveis:

| GRUPOS                                | DÍA E HORA  | Observacións  |
|---------------------------------------|---|---|
| 1.º ESO<br>2.º ESO<br>1.º Bacharelato | <b>Mércores, 23 de setembro</b><br>12:30 -14:25 horas | - Obrigatorio o uso de máscara e traer recambio.<br>- Funcionará transporte escolar para as horas de incorporación nas paradas habituais.<br>- Traer material de apuntamento propio (papel e boli). |
| 3.º ESO<br>2.º Bacharelato            | <b>Xoves, 24 de setembro</b><br>8:45 - 14:45 horas    | - <b>Cada grupo comezará o día sinalado e asistirá ao día seguinte desde primeira hora.</b><br>- O alumnado de 1.º e 2.º ESO non debe traer teléfono móbil ao instituto.                            |
| 4.º ESO<br>FP Básica I e II           | <b>Venres, 25 de setembro</b><br>8:45 – 14:25 horas   | - Os familiares e acompañantes non poden entrar no recinto escolar.   |

### **Normas principais**

En caso de calquera síntoma compatible coa covid-19, ningún membro da comunidade educativa asistirá a clase ou accederá ao instituto e ao transporte escolar. Para garantirmos esta norma de responsabilidade individual, o centro poderá esixir a declaración xurada do seu cumprimento.

As outras medidas de protección e seguridade xa son ben coñecidas. Porén, serán obxecto de lembranza permanente ao longo dos próximos meses:

- Uso obrigatorio de máscara. Cirúrxicas e hixiénicas desbotables ou lavables homologadas. Tamén o seu reposto en estoxo ou sobre de garda.
- Hixiene de mans. Vixiarase a desinfección con xel hidroalcohólico á entrada ao edificio e todas as veces que se crea conveniente.
- Distanciamento a 1,5m segundo as condicións establecidas oficialmente.
- Ventilación. Comprobarase a apertura de ventás en todos os espazos ocupados varias veces ao longo do horario escolar.

### **Acceso ao recinto e ao edificio**

- Os alumnos/as sen acompañantes accederán ao recinto e ao edificio polas portas sinaladas.
- Entrarán directamente á aula que lle comuniquen, sen formaren grupos ou aglomeracións, en ringleiras e coa distancia de seguridade.

### **Ordenadores EDIXGAL (1.º ESO e novas matrículas de 2.º ESO)**

O primeiro día entregarase por duplicado a cada alumno/a o contrato de entrega dos ordenadores para asinar na casa. En canto volva ao instituto asinada, entregaráselle ao alumno/a o equipamento.

### **Fondo Solidario (3.º e 4.º ESO)**

A primeira semana comezaremos a entregar os libros de texto do fondo oficial segundo o número de manuais que lle corresponda a cada alumno/a.

### **Aulas Virtuais**

Ao longo da primeira semana, facilitarase o acceso ás plataformas dixitais educativas EDIXGAL; AULA Moodle e Classroom.

Achará máis información sobre o **Plan de adaptación e continxencia** na páxina do instituto, que está a ser reformada. Ademais, convocaremos a través do correo electrónico varias sesións informativas por videoconferencia para darnos conta de todos os cambios.

Saúde.

Serafín Álvarez  
Director do IES de Mugar dos